

Documento:

CARACTERÍSTICAS DA DISCIPLINA RESTAURATIVA



Inicialmente este modelo foi introducido polo estadounidense Howar Zehr (1990), en principio pensado para o sistema legal, pero posteriormente ampliouse a ámbitos como o escolar.

A disciplina restaurativa basease en condenar o comportamento da persoa que infrinxiu a norma, ou que causou un dano, pero preservando a súa dignidade. A idea é que o encontro entre as partes enfrontadas, pode ser máis eficaz na asunción de responsabilidades que o feito de recibir unha sanción. É dicir, as partes deben involucrarse na xestión do conflito, intentando resolvelo e diminuindo as consecuencias negativas do que pasara.

En realidade as prácticas restaurativas, para ser efectivas, teñen que cumprir tres condicións, as tres “RRR”:

- **R (realidade):** a través do diálogo é importante que as parte cheguen a ter unha percepción común do conflito, é dicir desa realidade.
- **R (responsabilidade):** só unha práctica será restaurativa cando a parte que provocou o dano sexa capaz de responsabilizarse da súa acción.
- **R (reparación):** Pois sen esta non se pode pechar o conflito. A reparación pode ser material, pero tamén moral ou simbólica, e que supón o perdón.

O anterior pode aplicarse no ámbito escolar, e conleva unha importante vía de fortalecemento das relacións entre o alumnado e as de este co centro. É, así mesmo, un bo procedemento para que o alumnado desenvolva habilidades sociais e cívicas.

Por último, debemos entender que é un enfoque innovador, na abordaxe da convivencia, que fai moito fincapé na reconstrución das

relacións deterioradas entre as partes en conflito e un “empoderamento” persoal.